



## DISPOSICIÓN ADICIONAIS



## VIII. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

### **Primeira.-** *Información ao Parlamento.*

Un.- A Consellería de Facenda facilitaralle trimestralmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento información referida ás seguintes actuacións:

- a) As ampliacións de crédito realizadas para atender o pagamento de obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola comunidade autónoma.
- b) As operacións de endebedamento por prazo superior a un ano, formalizadas pola comunidade autónoma, os seus organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas ou as restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, conforme as autorizacións contidas nesta lei.
- c) Os avais amortizados, os pagamentos efectuados por falidos, os importes recuperados e o risco acumulado, tanto no que respecta aos avais concedidos pola comunidade autónoma coma aos concedidos polas entidades instrumentais do sector público autonómico.
- d) As autorizacións de revisións de prezos en concertos ou convenios que superen o incremento do índice de prezos ao consumo.
- e) A enumeración nominal e individualizada das concesións de subvencións ou axudas autorizadas polo Consello da Xunta a que se refire artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Os plans aos que se refire a disposición adicional terceira desta lei.

Dous.- A Consellería de Facenda comunicaralle á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun prazo de trinta días:

- a) A realización das adaptacións técnicas dos orzamentos autorizadas consonte o previsto na letra p) do artigo 5 desta lei.
- b) As modificacións efectuadas conforme o indicado no artigo 9.
- c) Os orzamentos dos organismos autónomos, das axencias públicas autonómicas, das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas que poidan entrar en funcionamento ao longo de 2015.

Tres.- A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., ou entidade que se subrogue na súa posición, comunicará mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento os plans económico-financeiros que subscriba no desenvolvemento da súa actividade.

**Segunda.-** *Porcentaxes de gastos xerais de estrutura de contrato de obra.*

En virtude da previsión establecida no artigo 131.1 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, determinase, con carácter uniforme para todos os contratos de obra que concerten os órganos de contratación da Administración xeral da comunidade autónoma e do seu sector público, a seguinte distribución de gastos xerais de estrutura que sobre eles inciden:

- a) 13 por cento en concepto de gastos xerais da empresa, gastos financeiros, cargas fiscais (Imposto sobre o Valor Engadido excluído), taxas da administración, que inciden sobre o custo das obras e demais derivados das obrigas do contrato.
- b) 6 por cento en concepto de beneficio industrial do contratista.

**Terceira.-** *Entidades públicas instrumentais*

As entidades públicas instrumentais que, se é o caso, poidan presentar perdas de explotación, están obrigadas a elaborar un plan coa finalidade de restablecer a situación de equilibrio nos seus orzamentos.

O citado plan deberá selle remitir á Consellería de Facenda para a súa aprobación dentro dos tres meses seguintes a aquel no que se detectase a situación de desequilibrio ou, en todo caso, a partir da aprobación das contas anuais nas que esta circunstancia se reflicta.

**Cuarta.-** *Autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación.*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Facenda, a aprobar os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas instrumentais con orzamento estimativo que se constitúan ou entren en funcionamento ao longo do ano 2015.

**Quinta.-** *Adecuación dos estados financeiros das entidades instrumentais.*

Os órganos de goberno das entidades públicas empresarias, sociedades mercantís públicas autonómicas, fundacións do sector público autonómico e demais entidades con orzamento estimativo incluídas no ámbito de aplicación desta lei, deberán adecuar os orzamentos de explotación e capital, e demais estados financeiros ás transferencias de

financiamento consignadas nos estados de gastos desta lei no prazo de un mes dende a entrada en vigor desta norma.

**Sexta.-** *Orzamento inicial das axencias públicas autonómicas e requisitos de creación.*

Un.- Para as axencias públicas que se poidan constituír ata o 31 de decembro do ano 2015 e asuman funcións doutros centros directivos, organismos ou entidades, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Facenda e por iniciativa da consellaría da que dependa a axencia pública, establecerá as dotacións do seu orzamento inicial.

O orzamento financiarase mediante a minoración dos créditos que teña atribuídos o centro, organismo ou entidade cuxas funcións asuma, sen que supoña un incremento do gasto público, e terá a vinculación orzamentaria establecida para axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Dous.- Con todo, cando a axencia que se constituía asuma na súa totalidade funcións dun organismo autónomo, procederase á adaptación do orzamento do organismo ao previsto para as axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de conformidade co seguinte:

A vinculación do orzamento a partir da entrada en vigor do estatuto da axencia será a prevista para as axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Para incorporar ao orzamento do organismo os recursos e as dotacións correspondentes ás operacións comerciais que, de ser o caso, realice, tramitarase un expediente de modificación orzamentaria que autorizará a persoa titular da Consellería de Facenda, manténdose o equilibrio orzamentario.

Tres.- No caso de que polas datas de aprobación dos estatutos, ou por calquera outra circunstancia que dificulte a aplicación do disposto nas alíneas anteriores, se considere procedente non alterar durante o ano 2015 a estrutura e o réxime orzamentario dos centros ou organismos afectados, esta circunstancia farase constar no decreto polo que se aprobe o correspondente estatuto.

**Sétima.-** *Prestacións familiares por coidado de fillos.*

Aquelas persoas que, na data do 1 de xaneiro de 2015, teñan ao seu cargo fillas ou fillos menores de tres anos terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros pola primeira filla ou fillo, de 1.200 euros pola segunda ou segundo e de 2.400 polo terceiro e sucesivos cando, nin elas nin ningunha das persoas que integran a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao ano 2013, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estaren obrigadas a iso.

**Oitava.-** *Alleamento de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.*

Autorízase o Instituto Galego da Vivenda e Solo, nos supostos de alleamento de terreos destinados á creación de solo industrial e residencial, así como a parcelas ou a polígonos empresariais ou residenciais terminados que se realicen a favor das sociedades públicas con participación maioritaria polo anterior organismo, para que o alleamento se poida efectuar con pagamento aprazado non superior a dez anos e sen repercusión de xuros.

**Novena.-** *Prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos.*

No ano 2015 as persoas beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, de pensións do Fondo de Asistencia Social e do subsidio de garantía de ingresos mínimos terán dereito á percepción dunha prestación única non superior a 210 euros, nas condicións que estableza o Consello da Xunta por proposta da consellaría con competencias en materia de benestar social.

**Décima.-** *Concertos, contratos e convenios de colaboración.*

Os importes dos concertos, contratos e convenios de colaboración que teña subscritos a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entidades do sector público adecuaranse ás condicións retributivas que derivan das previsións desta lei.

En particular, no ámbito do ensino privado concertado suspéndese o Acordo de 24 de abril de 2008, polo que se autoriza o asinamento do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as organizacións patronais e as organizacións sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia sobre condicións laborais, e a calidade do ensino, publicado mediante Resolución do 15 de maio de 2008, no relativo ao establecido na súa cláusula terceira sobre o incremento interanual do

2 % no complemento retributivo da comunidade autónoma e o incremento de 45 euros brutos mensuais para todo o profesorado en pagamento delegado e xornada completa.

**Décimo primeira.-** *Modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde.*

Correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde a autorización das modificacións, dentro de cada centro de xestión, dos cadros de persoal estatutario, de persoal MIR e de calquera outro tipo de persoal de institucións sanitarias dependentes do organismo non incluídos nas relacións de postos de traballo, sempre que a modificación acordada non supoña un incremento dos créditos do artigo correspondente do devandito centro.

En idénticas condicións correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde a autorización da modificación prevista no parágrafo anterior dos cadros de persoal funcionario sanitario pertencentes ás clases de médicos, practicantes e matronas titulares.

En todo caso, daráselle conta á Consellería de Facenda unha vez tramitada a correspondente modificación.

**Décimo segunda.-** *Persoal contratado ao abeiro do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional*

O Persoal contratado ao abeiro do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP) nos centros de formación profesional ocupacional dependentes da Xunta de Galicia que continúe prestando servizos como persoal laboral indefinido en cumprimento dunha resolución xudicial que declarase a devandita condición, percibirá durante os períodos en que exerza a dita actividade as retribucións establecidas para o grupo profesional do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia que lle correspondera en función da titulación mínima requirida do curso que imparta. No caso de que non exista categoría laboral concreta equiparable, aplicaráselle as retribucións xenéricas do grupo respectivo; e nos grupos III, IV e V as mínimas do grupo profesional.

**Décimo terceira.-** *Medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia*

Durante o ano 2015 quedará suspendido a aplicación do artigo 19 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

**Décimo cuarta.-** *Evolución da subvención fixa correspondente ao financiamento estrutural previsto no Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015*

Co obxecto de recoller os novos acordos alcanzados na Comisión de Seguimento do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia, para a dotación da partida 09.40.422C.444.0 aplicáronse, sobre a evolución prevista no plan de financiamento, as correccións dirixidas a recoller a previsión da regularización resultante do incremento dos ingresos de matrícula derivados da aplicación dos prezos públicos que se establezan sobre os vixentes no curso académico 2011-2012.

**Décimo quinta.-** *Normas de especial aplicación en materia de recursos educativos complementarios de ensino público*

Durante o exercicio económico 2015 non serán aplicables aos contratos, convenios e demais expedientes de gastos que dan soporte aos recursos educativos complementarios do ensino público galego as actualizacións dos prezos, derivadas do incremento de prezos ao consumo (IPC galego) anual, así como de calquera outra fórmula de revisión prevista normativa ou convencionalmente.

Concretamente, as contías globais ás que ascendan as aplicacións dos índices de prezos ao consumo aos contratos e convenios dos exercicio 2015, e tamén as pendentes dos exercicios 2013 e 2014, serán aboadas de xeito proporcional ao longo dos exercicios 2016 a 2020, de acordo sempre co que se dispoña nas correspondentes leis de orzamentos e na lexislación estatal, se é o caso, aplicable, actualizándose os prezos correspondentes ao exercicio 2016 tomando como referencia para o cálculo os prezos do exercicio base 2015 sen actualizacións.

**Décimo sexta.-** *Recuperación da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012 do persoal ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Un.- Para os efectos do disposto no artigo 1.2.e) da Lei 9/2012, do 3 de agosto, de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade en materia de emprego público, durante o ano 2015, o persoal ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia definido no artigo 13.Seis da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, afectado polo disposto na mencionada Lei 9/2012 e que prestara servizos ata a entrada en vigor do mencionado Real decreto lei 20/2012, percibirá unha cantidade equivalente á metade da parte proporcional da paga extraordinaria, paga adicional do complemento específico e pagas adicionais do mes de decembro de 2012 devengada ata a entrada en



vigor do mencionado real decreto lei, en concepto de recuperación da cantidade deixada de percibir por aplicación da citada norma.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, o cómputo da parte da paga extraordinaria e pagas adicionais que corresponde á parte devengada ata a entrada en vigor do Real decreto lei 20/2012 realizarase, no caso do persoal funcionario ou estatutario, conforme ás normas de función pública aplicables ou, no caso do persoal laboral, nas normas laborais e convencionais vixentes no momento no que se deixaron de percibir as mencionadas pagas.

Dous.- A recuperación da paga extraordinaria e pagas adicionais a que se refire o número anterior efectuarase de acordo coas seguintes regras:

- a) O persoal incluído no artigo 1.2.a) da Lei 9/2012, do 3 de agosto, de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade en materia de emprego público, que prestara servizos ata a entrada en vigor do mencionado Real decreto lei 20/2012, percibirá unha cantidade equivalente a parte proporcional correspondente a 22 días da paga extraordinaria e 7 días das pagas adicionais ou equivalentes do mes de decembro de 2012 que foron suprimidas. Naqueles casos nos que non procedera o recoñecemento da totalidade da anterior cantidade, reduciranse proporcionalmente ao cómputo de días devengados en cada un dos conceptos ata a entrada en vigor da mencionada norma. Para os efectos previstos no parágrafo anterior, para o cálculo das cantidades correspondentes aos 22 días de paga extra e 7 das adicionais, en relación co número de días totais que comprenden o devengo da paga extraordinaria e pagas adicionais ou equivalentes do mes de decembro de 2012 ata a entrada en vigor do Real decreto lei 20/2012, utilizaranse as regras de cómputo aplicables a cada tipo de persoal de acordo co seu réxime xurídico en vigor no momento no que se produciu a supresión.
- b) O persoal incluído dentro do artigo 1.2.b) e d) da Lei 9/2012, que prestara servizos ata a entrada en vigor do mencionado Real decreto lei 20/2012, percibirá unha cantidade equivalente a parte proporcional correspondente a 7 días da paga extraordinaria e das pagas adicionais ou equivalentes do mes de decembro de 2012 que foron suprimidas. Naqueles casos nos que non procedera o recoñecemento da totalidade da anterior cantidade, reduciranse proporcionalmente ao cómputo de días devengados en cada un dos conceptos ata a entrada en vigor da mencionada norma.
- c) O persoal incluído dentro dos artigos 1.2.f), 2 e Disposición adicional segunda da Lei 9/2012, que prestara servizos ata a entrada en vigor do mencionado Real decreto lei 20/2012, percibirá unha cantidade equivalente ao 50 por cento do importe deixado de percibir en proporción aos servizos prestados ata a entrada

en vigor da mencionada norma. Naqueles casos nos que non procedera o recoñecemento da totalidade da anterior cantidade, reducirase proporcionalmente ao cómputo de días devengados ata a entrada en vigor da norma en cuestión.

Catro.- A mencionada recuperación do importe deixado de percibir a que se refire a alínea Un non se lle aplicará ao persoal que percibira a liquidación correspondente á paga extraordinaria, así como a paga adicional do complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012 ou ao que se lle aboase por execución de sentenza xudicial firme ou por calquera outra causa. No caso de que a contía liquidada fora inferior á recuperada en virtude deste precepto, reintegraráselle pola diferenza.

Cinco.- Ao persoal que tivese cambiado de destino, as cantidades a que se refire a presente disposición seranlles aboadas pola consellería, organismo ou entidade na que se encontre prestando servizos na data de entrada en vigor da presente lei, logo de petición dirixida ao órgano de xestión de persoal, acompañada de certificación da habilitación de orixe dos conceptos e importes efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012.

Ao persoal que non se encontrara en situación de servizo activo ou asimilada na data de entrada en vigor desta lei ou que tivese perdido a condición de empregado público, as cantidades a que se refire a presente disposición seranlles aboadas pola consellería, organismo ou entidade á que lle correspondera aboar no seu día a mencionada paga de decembro de 2012, logo de petición dirixida ao órgano de xestión de persoal que corresponda.

Se o persoal afectado pola supresión falecera á entrada en vigor da presente disposición, a petición a que se refire o parágrafo anterior deberá formularse polos seu herdeiros conforme a Dereito civil.

Seis.- As universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais dependentes realizarán as operacións precisas para aplicar a recuperación da supresión da paga extraordinaria de decembro de 2012, co contido e alcance sinalado nas alíneas anteriores. Para os citados efectos, as transferencias do fondo incondicionado do Sistema universitario de Galicia incrementaranse na contía equivalente aos importes recuperados.

#### **Décimo sétima.-** *Control da información económico-financeira*

---

Para os efectos de garantir a exactitude e coordinación da información económico-financeira subministrada pola Administración xeral e polos organismos autónomos, a Intervención Xeral da comunidade autónoma verificará mediante técnicas de auditoría que os datos e a información con transcendencia económica proporcionados polos órganos xestores como soporte da información contable reflectan razoablemente as operacións derivadas da súa actividade. A Intervención Xeral da comunidade autónoma establecerá o procedemento, o alcance e a periodicidade das actuacións que se deban desenvolver.

As auditorías das contas anuais das axencias públicas autonómicas realizaraas a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de conformidade co procedemento previsto no título V do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

